

CCOO de INDUSTRIA-GALICIA QUERES AMOSAR O SEU APOIO ÓS
TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA EMPRESA MASOL IBERIA BIOFUEL
AFECTADA POR UN NOVO EXPEDIENTE DE REGULAMENTO DE EMPREGO

18 de febreiro de 2014

Ata o de agora o posicionamento da empresa, negando á Comisión Negociadora, a mínima documentación esixible por Lei neste tipo de trámites, non fai máis que fomentar as dúbidas sobre as verdadeiras intencións que ten a empresa coa planta de biodiésel de Ferrol a cal recibiu preto de 10 millóns de euros en axudas públicas dende que se creou no ano 2009.

CCOO **Industria de Galicia** esiximos un maior compromiso á empresa e que poña enriba da mesa un proxecto viable e real que permita garantir o futuro desta planta a medio e longo prazo e por conseguinte de todos os postos de traballo. Ferrolterra é unha comarca onde o proceso desindustrializador é mais que evidente e onde os poderes públicos non foron quen de fomentar unha diversificación industrial que fora capaz de absorber os excedentes da comarca polo que tamén instamos á Xunta de Galicia a intervir no conflito esixindo a posta en marcha da planta, como principal responsable da concesión dunha importante dotación económica soterrada baixo os seus tanques.

CCOO de **Industria de Galicia** mobilizará todos os seus recursos dispoñibles para defender o tecido industrial da comarca e o emprego fronte a ameazas deste tipo, que tan só serven de desculpa ás empresas para obter máis vantaxes económicas.